

PAUTAS ORIENTATIVAS PARA AS SEGUINTESEMANAS

OLA FAMILIAS:

O primeiro é desexar que vosoutros, vosoutras e os vosos familiares esteades ben de saúde e desexo darvos moito ánimo e forza para continuar.

En vista de que a situación se alonga máis, imos traballar de maneira diferente. Vou realizar unha planificación semanal de actividades e rutinas para que levedes a cabo cos nenos e nenas. Son actividades para repasar, afianzar e reforzar o aprendido ata agora. O horario o establecedes vos, pero han de levantarse cada día a mesma hora, iniciar a primeira rutina despois do almorzo, e a segunda despois da asemblea, ... as últimas podedes deixalas para a tarde, todo dependerá da hora na que se levanten ou se facedes cousas na casa con eles (todos os días sería interesante que vos axuden na casa, poden colaborar con algunha receita sinxela: ensalada, macedonia, un doce... ou tamén limpar o po, vestir e desvestirse só/soa, abotoarse, recoller as súas cousas, facer a súa cama, gardar a súa roupa, poñer e quitar a mesa,...).

COMO TRABALLAR OS TRABALLOS

ASAMBLEA: que día e hoxe, que día da semana, que mes, riscar o rodear o día nun calendario, ..., que tempo vai hoxe (poden debuxar un sol, nubes, choiva no calendario e ao final do mes podemos contabilizar e ver a evolución do tempo), en que estación estamos, cancións dos días da semana, que ides facer hoxe, ...

Canción de bos días: <https://www.youtube.com/watch?v=xkSob4DrQm0>

HORA DO CONTO: podédelo facer despois do descanso e a merenda o pola noite antes de ir durmir. Podedes aproveitar as páxinas que puxen no blog da biblioteca.

<http://biblioliosanxoan.blogspot.com/>

MATEMÁTICAS, GRAFOMOTRICIDADE, LECTOESCRITURA E CONCEPTOS:

- Sempre que teñan que repasar primeiro o teñen que facer co dedo, despois co lapis e se remata co rotulador empregando diferentes cores (que non vos enganen que eles coñecen moi ben a rutina)
- Cos números e figuras teñen que buscar na casa tantas cousas como o número que se traballa ou da forma da figura a traballar.

- Letras: han de dicir palabras que teña esa letra. Podedes dar consignas: que sexan pezas de roupa, medios de transporte, animais,...

ARTE E XOGAR, FACEMOS EXERCICIO, CANTAMOS E BAILAMOS: podedes mirar as cousas que enviou Natalia.

XOGOS DIDÁCTICOS DE ORDENADOR:

<https://www.educalim.com/biblioteca/> Algúns nos funcionan pero outros si.

<https://www.jigsawplanet.com> (para facer quebracabezas).

<http://testarcoiris.juegosarcoiris.es/juegos/letras/fletras/>

<http://www.ceiploreto.es/> teñen actividades para todos os cursos e de todas as materias.

<https://juegosinfantilespum.com>

<https://arbolabc.com>

XOGO TRANQUILO OU IOGA:

<https://youtu.be/Ml1S5rM0ou0> (un pouquiño de xoga para relaxar)

ou calquera actividade que poidades atopar en internet relacionada co ioga ou actividades tranquilas.

XOGO LIBRE:

- CONSTRUCCIÓN: Xogamos coas construcións que temos na casa: pezas, bloques lóxicos, ferramentas, ...
- COCHES, BONECAS, COCINIÑAS, ...
- CREBACABEZAS, DOMINÓ,
- ENSARTABLES

OTROS XOGOS:

- PARCHIS, OCA, ...
- E XOGOS DE MESA QUE PODADES TER NA CASA.

Podedes tamén coller referencias das cousas que enviei anteriormente.

Aquí déixovos un horario orientativo que podedes utilizar de aquí ata que nos volvamos xuntar.

Unha aperta moi grande e moito ánimo a todos e todas.

Ángeles

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
<p>ASEMBLEA</p> 	<p>ASEMBLEA</p> 	<p>ASEMBLEA</p> 	<p>ASEMBLEA</p> 	<p>ASEMBLEA</p> 
<p>MATEMÁTICAS</p> 	<p>LECTOESCRITURA</p> 	<p>GRAFOMOTRICIDADE</p> 	<p>MATEMÁTICAS</p> 	<p>CONCEPTOS</p> 
<p>DESCANSAMOS E MERENDAMOS</p>	<p>DESCANSAMOS E MERENDAMOS</p>	<p>DESCANSAMOS E MERENDAMOS</p>	<p>DESCANSAMOS E MERENDAMOS</p>	<p>DESCANSAMOS E MERENDAMOS</p>
<p>ARTE E A XOGAR</p> 	<p>FACEMOS EXERCICIO</p> 	<p>XOGOS DIDÁCTICOS DE ORDENADOR</p> 	<p>CANTAMOS E BAILAMOS</p> 	<p>XOGO TRANQUILO OU IOGA</p> 

